



En relación a oferta presentada pola empresa COVISAM NORTE S.L. para a obra denominada "MARQUESIÑA DE ACCESO AO COLEXIO PÚBLICO CASTRO BAXOI", o 8/11/2018 dáse traslado aos servizos técnicos municipais da xustificación documental sinalada no apartado 15.4.4 do Prego de Cláusulas administrativas, remitida o 8/11/2018 por Dona Ana Belén Facal Couto como administradora de dita empresa.

Á vista do anterior, e aplicando os criterios de valoración que figuran no prego de cláusulas administrativas do expediente de contratación, emítase o seguinte

INFORME DOS SERVICIOS TÉCNICOS

Segundo a cláusula 15.4.4 a documentación a presentar será a seguinte:

1- Xustificación dos prezos ofertados:

a. Materiais	
a.1. Compra	
Carta de compromiso dos provedores	Non presentado
Prezos unitarios detallados	Presentan orzamentos
a.2 Medios propios e/o materiais de produción propia	
Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custe individualizado ou prezo de venda o público	Non dispoñen
b. Maquinaria	
b.1. Aluguer e/o contratación	
Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos	Non precisan
b.2. Medios propios	
Relación detallada da maquinaria	Presentado
C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico	Presentado

2- **Volume de obra:** "Neste caso deberá xustificarse polo licitador que presentou a oferta con presunción de anormalidade a relación existente entre as obras que teñan contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispoñen e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados".

222222222



CONCELLO DE MIÑO
A Carreira, 38
15630 Miño (A Coruña)
Telf.: 981 78 20 06 - 78 20 58
Urbanismo: 981778914
Fax: 981 78 31 75

UNIDADE: OFICINA TÉCNICA
2018/C003/000006

Presentado.

3- Relación entre custes laborais fixos e volume de obra contratada:
“Xustificarse mediante a aportación da nómina e boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación”.

Presentado pero incompleto, non se indica o persoal que adscribirá a obra. Presentan informe de traballadores de alta, táboas do BOP do martes 3 de abril coa táboa salarial do convenio vixente e táboa de calculo de custe de hora do persoal.

4- Cumprimento de obrigas salariais: *“Presentarse declaración e xustificación de cumprimento de obrigas salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos”.*

Non se xustifica.

5- Relación de subcontratos programados e cartas de compromiso de subcontratistas.

Non presentan.

CONCLUSIÓN: Non presentan a documentación requirida na cláusula 15.4.4 do Prego, polo que desde o punto de vista técnico non pode ser admitida. O que se informa aos efectos oportunos.

A arquitecto técnico municipal